

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Ceip Flavia Padrón

Curso 2016-17

---

## INDICE:

1. DATOS DO CENTRO. ....	4
2.PLANIFICACIÓN DO CURSO. ....	4
2.1.Obxectivos específicos do Centro. px.....	5
2.2 Plan de actividades extraescolares (programación): .....	5
2.3 Biblioteca. ....	12
2.4 Tics .....	16
2.5. ANPA. Programación actividades. ....	16
2.6 Formación profesorado. ....	16
2.7. Relacións coas familias. ....	17
2.8. Plan xeral de avaliación do Centro. ....	17
2.9 Guía de intervención para a mellora de resultados da avaliación. ....	18
2.10. Proxecto lingüístico. Addenda. ....	18
2.11. Pautas ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares. ....	18
2.12. Plan de evacuación do centro .....	19
3. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA. ....	19
3.1 Equipos docentes. ....	19
3.2 Titorías.Adscripción profesorado .....	21
3.3 Equipo directivo. ....	22
3.4 Constitución comisión coordinación da avaliación de 3º primaria. ....	23
4. ÓRGANOS COLEXIADOS. ....	23
4.1. Claustro de profesores. ....	23
4.2. Consello Escolar. ....	24
4.3. Comisión de Coordinación Pedagóxica. ....	25
4.4 Dep. de Orientación. ....	25
4.4.1. Estratexias metodolóxicas e organizativas do alumnado con NEAE. ....	25
5.ORGANIZACIÓN FUNCIONAL. ....	27
5.1 Xornada escolar e horarios. ....	27
a) Horario docente. ....	27
b) Horario martes tarde.....	27
c) Horario Equipo Directivo. ....	28
d) Servicio bibliotca escolar.....	28
e)Equipos e niveis.....	28
5.2 Horario persoal non docente. ....	29
a) Conserxería. ....	29
b) Coidaora. ....	29
c) Persoal limpeza. ....	29
d) Persoal cociña. ....	29
5.3 Reunión país. ....	30
5.4 Calendario avaliacións.....	30
5.5 Gardas. ....	30
a) Transporte. ....	30
b) Recreo. ....	30
c) Tardes biblioteca. ....	30

<b>6.DISTRIBUCIÓN DE ALUMNOS/AS E POSTOS DE TRABAJO. ....</b>	<b>31</b>
<b>6.1 Alumnado. ....</b>	<b>31</b>
<b>6.2 Persoal docente. ....</b>	<b>31</b>
<b>6.3 Persoal non docente. ....</b>	<b>31</b>
<b>6.4 Alumnos usuarios comedor e colaboradoras.....</b>	<b>31</b>
<b>6.5 Outros usuarios comedor. ....</b>	<b>31</b>
<b>7. PROXECTO DIFUSIÓN LINGUA GALEGA. ....</b>	<b>32</b>
<b>8. PLAN DE USOS E ESPAZOS. ....</b>	<b>43</b>
<b>9. SERVIZOS. ....</b>	<b>44</b>
<b>9.1 Servizo de comedor. ....</b>	<b>44</b>
<b>9.2 Servizo de transporte. ....</b>	<b>45</b>
<b>10. LIBROS DE TEXTO. ....</b>	<b>46</b>
<b>11.AVALIACIÓN DA P.X.A. ....</b>	<b>53</b>
<b>12. ANEXOS: Nof e Plan de Convivencia. ....</b>	<b>53</b>
<b>13. REVISIÓNS TRIMESTRAIS.....</b>	<b>53</b>

**1. DATOS DO CENTRO:**

NOME: COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA FLAVIA

**Nº de código do centro:** 15012742

**Enderezo:** Rúa do Carme, s/n

**Código Postal:** 15900

**Localidade:** Padrón

**Provincia:** A Coruña

**Teléfono:** 881866245

**Fax:** 881 866250

**Correo electrónico:** ceip.flavia@edu.xunta.es

## 2. PLANIFICACIÓN DO CURSO.

### 2.1 Obxectivos específicos do centro

1. Potenciar un bo clima de convivencia no Centro con toda a Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente).
2. Estimular o traballo en grupo dos membros do Claustro como medio para lograr unha efectiva organización e coordinación.
3. Mellorar a Competencias de Comunicación lingüística do noso alumnado.
4. Potenciar a formación do profesorado.
5. Mellorar as instalacións, dotación de material e equipamentos do Centro, atendendo as súas necesidades e establecendo relacións co Concello e Administracións.

### 2.2 Plan de tarefas extraescolares ( programación):

Ao longo deste curso desenvolverase un proxecto multidisciplinar dende os Equipos de Extraescolares, EDL., Biblioteca e TICS sobre O TURISMO SOSTIBLE. Traballaremos sobre diferentes aspectos do Currículo.

Este proxecto servirá como eixe das diferentes actividades que se leven a cabo ó longo do curso 2016-2017, por parte do profesorado ben a nivel de aula, ben nos equipos docentes ou nos equipos de traballo. As conmemoracións celebradas no ámbito escolar estarán relacionadas con dito tema.

#### **a) Obxectivos xerais de educación primaria a nivel de centro, nos que nos centraremos desde os EQUIPOS de EDL, Extraescolares e Biblioteca Escolar como eixe do plan lector do centro ó longo do curso 2016-2017.**

- a) Coñecer , comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas , a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e non discriminación das persoas con discapacidade ou por outras razóns .
- b) Coñecer os fundamentos das ciencias naturais , ciencias sociais , xeografía , historia e cultura con especial atención para relacionadas e vinculadas á Galicia.
- c) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran
- d) Usar representacións e expresións artísticas e iniciar a construción de propostas visuais e audiovisuais .
- e) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- f) Coñecer e apreciar os animais máis próximos a nós e adoptar formas de comportamento que contribúen á súa preservación e coidado .

g) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

h) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

**b) Competencias que a nivel de centro traballaremos principalmente :**

**Competencia de comunicación lingüística**

- Búsqueda , recompilación e procesamento da información, utilizando diferentes tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas.
- Traballar vocabulario con palabras específicas do tema.
- Lecturas de libros de aventuras, viaxes .
- Facer itinerarios turísticos para coñecer outras culturas, paisaxes, espazos.. .
- Mergullarse na biblioteca

**Competencia matemática**

- Contar, facer cálculos sobre o cambio de diñeiro , habitantes, distancias...
- Interpretar gráficos de poboación, do clima en distintas zonas, fauna ..

**Competencia dixital**

- Busca e tratamento de información
- Utilizar as diferentes ferramentas TICs para organizar e visualizar o traballo

**Aprender a aprender.**

- Proporcionarlles información para que sexan capaces de investigar, seleccionar e divulgar a información obtida.
- Busca nun mapa dos lugares onde se desenvolven diferentes acontecementos.

**Competencia social e cívica.**

- Potenciación de actitudes de respecto e tamén críticas ante as distintas culturas ...
- Colaboración e respecto polo traballo dos compañeiros. Participación de forma activa en situacións habituais en contextos comunicativos.
- Coñecemento e respecto doutras realidades, costumes e formas de vida.

**Espírito de iniciativa e espírito empresarial**

- Fomento da creatividade e iniciativa a través da realización de proxectos de expresión artística.

**Conciencia cultural e expresións**

- Coñecemento das diferentes culturas e pobos do mundo: a súa situación xeográfica os seu idiomas, as súas costumes, a súa alimentación.
- Elaboración de carteis e folletos turísticos.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Coñecemento e respecto doutras realidades, costumes e formas de vida.

ACTIVIDADE POR TRIMESTRES	OBXECTIVO XERAL	COMPETENCIAS CLAVE	NIVEIS ÓS QUE VAI DESTINADA	EQUIPOS QUE AS DESENVOLVEN	ÁREA COA QUE A RELACIONAMOS
<p><b>SAMAÍN E MAGOSTO</b></p> <p>ANTES DO RECREO TALLERES DÚAS OPCÍONS: LIBRO DOS MEDOS OU LIBRO DE CARAS TERRORÍFICAS.</p> <p><b>EXPOSICIÓN DE CABAZAS</b></p>	H,d,j	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p> <p>Conciencia e expresións culturais (CCEC).</p> <p>CD</p>	<p>EI</p> <p>EP</p>	<p>DINAMIZACIÓN</p> <p>EXTRAESCOLARES</p> <p>BIBLIOTECA</p> <p>TICS</p>	LINGUA GALEGA
<p><b>MURAL FOTOGRÁFICO:</b></p> <p>“O MEU LUGAR DE ENCANTO”</p> <p>OS ALUMNOS/AS ELABORARÁN UN MURAL FOTOGRÁFICO DUN LUGAR QUE SEXA SIGNIFICATIVO PARA EL E EXPLICARÁ O MOTIVO</p>	H,d,j	<p>CSIEE</p> <p>CAA</p> <p>CD</p>	<p>EI</p> <p>EP</p>	<p>DINAMIZACIÓN</p> <p>EXTRAESCOLARES</p> <p>BIBLIOTECA</p> <p>TICS</p>	ARTÍSTICA E LINGUA GALEGA
<p>ADORNOS NAVIDEÑOS CON MATERIAL DE REFUGALLO:</p>	H,d,j	<p>CSIEE</p> <p>CD</p>	<p>EI</p> <p>EP</p>	<p>DINAMIZACIÓN</p> <p>EXTRAESCOLARES</p>	ARTÍSTICA



REALIZARANSE ADORNOS NAVIDEÑOS CON MATERIAL DE REFUGALLO E COLOCARÉMOLOS NA PIRÁMIDE A MODO DE ÁRBORE DE NADAL.				BIBLIOTECA TICS	
<b>DÍA DA PAZ:</b>  OS NENOS E NENAS NO XUNTARANSE NO PATIO DO COLEXIO E XUNTOS CANTAREMOS UNHA CANCIÓN PROPOSTA POLA MESTRA DE MÚSICA.  ELABORARASE UNHA BOLA XIGANTE DO MUNDO.  NOS CORREDORES DO COLEXIO PODEREMOS COLOCAR CARTEIS BEN FEITOS BEN FOTOCOPIADOS QUE FAGAN MENCIÓN Á PAZ.	H,d,j	CSC  CD	EI  EP	DINAMIZACIÓN  EXTRAESCOLARES  BIBLIOTECA  TICS	VALORES
<b>ENTROIDO:</b>  OS ALUMNOS E ALUMNAS VIRÁN	H,d,j	CSC	EI	DINAMIZACIÓN	LINGUA GALEGA

DISFRAZADOS Ó COLEXIO.  REMITIRASE UNHA NOTA INFORMATIVA ONDE SE LLES ANIMARÁ A REALIZAR UN DISFRAZ FEITO DE DIFERENTES DISFRACES QUE TEÑAN POLA CASA.		CSIE  CCEC  CD	EP	EXTRAESCOLARES  BIBLIOTECA  TICS	NATURAIS E SOCIAIS.
DÍA DO LIBRO:  REALIZACIÓN DE CONTOS, COMICS...SEGUNDO A IDADE SOBRE "VIAXES IMAXINARIAS"	H,d,j	CL  CSIE  CCEC  CD	EI  EP	DINAMIZACIÓN  EXTRAESCOLARES  BIBLIOTECA  TICS	LINGUA GALEGA
LETRAS GALEGAS:  AUTOR HOMENAXEADO: CARLOS CASARES.  REALIZARANSE EXPOSICIÓNS E TRABALLO SOBRE O AUTOR	H,d,j	CL  CSIE  CCEC  CD	EI  EP	DINAMIZACIÓN  EXTRAESCOLARES  BIBLIOTECA  TICS	LINGUA GALEGA

DÍA DO MEDIO AMBIENTE: DENDE EDUCACIÓN FÍSICA A MESTRA EXPORÁ POLAS AULAS AO LONGO DA SEMANA DIFERENTES XOGOS	H,d,j	CSC CAA CSIE CCEC	EI EP	DINAMIZACIÓN EXTRAESCOLARES BIBLIOTECA TICS	LINGUA GALEGA
--	-------	----------------------------	----------	--	---------------

**Outras actividades programadas: 2º trimestre.** *Plan director da Garda Civil para a Convivencia e Mellora da Seguridade Escolar* para os alumnos de 5º e 6º de primaria.

Ademais das actividades propostas para todo o centro contaremos coas actividades propostas polo Concello ou outras institucións e as diferentes saídas fóra do concello que poidan realizar os cursos que forman parte das actividades extraescolares e complementarias. Ditas actividades poderán incluírse nas programacións de niveis e deberán ser informadas ás persoas responsables do centro.

**Propoñer para este curso unha actuación (traer alguén como o mago do curso pasado) para o día último previo as vacacións de Nadal e tamén para fin de curso.**

## **2.3 Biblioteca. Planificación**

### **2.3.1 Introducción**

Neste curso 2016-17 o equipo de biblioteca do CEIP Flavia está formado por Alexandra Carracedo Hermida (responsable), M<sup>a</sup> del Carmen Bermúdez Pérez, Ana Leyes Bastida, M<sup>a</sup> Benedicta Sandá Barbazán, Nuria de León Viloría e Lucía Frois Refojo.

A intención básica do equipo é continuar co proxecto levado a cabo en anos anteriores, proxecto que fora consensuado entre todos os membros do claustro coa intención básica de integrar a biblioteca escolar nos procesos educativos do centro e de dinamizala por medio de diferentes actividades.

Dende sempre tentamos transmitir o xeito de sentir a biblioteca como un lugar aberto cara os intereses e necesidades de todos os seus usuarios, tanto alumnos e alumnas como profesorado.

### **2.3.2 Xustificación**

No caso do noso centro, o CEIP Flavia de Padrón, a biblioteca escolar pode ser para parte do alumnado a única oportunidade de achegarse a unha fonte de recursos culturais de forma cotiá.

A dispersión xeográfica, os horarios de apertura ou a escaseza de transportes públicos son atenuantes do uso da biblioteca municipal padronesa, o que provoca que, para moitos nenos e nenas, o espazo da escola sexa a única opción de descubrir un novo e marabilloso mundo.

A biblioteca escolar debe ser, polo tanto, un centro neuráxico onde se centralicen os recursos e, como tal, debería estar dotada da infraestrutura axeitada e dos fondos necesarios para garantir o acceso igualitario aos recursos culturais.

A biblioteca ha de ser tamén un espazo para a compensación de desigualdades sociais, polo que dende a mesma se proponan actividades diversas dirixidas fundamentalmente para novo alumnado, alumnado con poucos recursos, inmigrantes recién chegados, alumnado con diversidade funcional, novo profesorado no centro ...

Buscamos ofrecer un espazo que estableza vínculos emocionais cos seus usuarios, un espazo do colexio no que participar del sexa un pracer e non unha obriga, un espazo que exerza como intermediario na creación e consolidación do hábito lector e na adquisición de habilidades de búsqueda e posterior tratamento da información. Un espazo, en definitiva, que axude na formación de lectores hábiles e críticos coa información que reciben e que, á súa vez, permita que estes lectores sexan capaces de emocionarse coa lectura e a entendan como un elemento de disfrute.

Entre as intencións esenciais que unha escola debe ter, entendemos que a de “habituar ao alumnado a usar a biblioteca con finalidades recreativas, informativas e de educación permanente” e a de “organizar os recursos de tal xeito que sexan facilmente accesibles e utilizables” son dúas das fundamentais.

En relación con isto, a biblioteca escolar debe ser concibida como espazo dinámico de recursos documentais e foco cultural e dinamizador da vida educativa, cun papel fundamental na aprendizaxe. A biblioteca do centro é o lugar máis axeitado para a formación dos escolares no uso das diversas fontes de información e para fomentar a lectura como medio de entretemento e ocio.

Por todo isto, consideramos que a nosa biblioteca debe dispoñer de todo tipo de fondos documentais, tanto en formato impreso como naqueles propios das novas tecnoloxías.

### **2.3.3 Distribución horaria**

A biblioteca escolar permanecerá aberta durante todo o horario lectivo para satisfacer as necesidades e inquiredanzas do alumnado e do profesorado en canto a préstamo de fondos, actividades de lectura, formación de usuarios, consulta e outro tipo de traballo.

Cada titor contará cunha hora semanal á súa disposición para levar a cabo aquelas tarefas que considere oportunas. A maiores, haberá horas nas que algún membro do equipo de biblioteca estará presente para realizar tarefas de mantemento, ademais de poder axudar a solventar calquera dúbida que xurda na comunidade educativa con respecto aos fondos e ao funcionamento do empréstimo.

Igualmente, en horario de tarde, os luns, mércores, xoves e venres haberá un servizo do centro para que os alumnos interactúen libremente na biblioteca.

Neste curso, o horario de atención e dedicación para os membros do equipo de biblioteca segue sendo de dez sesións semanais, contando cunha sesión catro dos membros do equipo da biblioteca e con tres sesións unha das membros do equipo e a responsable do mesmo.

### **2.3.4. Organización técnica**

De seguido incluimos as actividades programadas para realizar durante o curso e en cada trimestre e un apartado adicado ao proxecto lector.

#### Ao longo de todo o curso

- Continuación da nova organización dos fondos, tanto no que respecta aos niveis de lectura (catro cores orientativos en función da habilidade lectora), como á nova distribución por editoriais e coleccións.
- Ampliación e difusión do blog da biblioteca (<http://biblioceipflavia.blogspot.com.es/>)
- Catalogación e distribución de fondos do centro.
- Adquisición de novos fondos e posterior catalogación e distribución dos mesmos.
- Deseño de actividades e presentación destas no taboleiro informativo.
- Deseño de follas informativas para as actividades a realizar.
- Catalogación das tarefas realizadas polo alumnado que poidan incluírse na sección “feitos por nós”.
- Apoio e colaboración nas actividades propostas polos grupos de **dinamización da lingua galega, TICs e extraescolares**.
- Deseño de exposicións sobre temas curriculares en datas sinaladas.
- Avaliación de necesidades da biblioteca propostas por profesorado e alumnado.
- Edición de guías para a lectura.
- Posible realización de ponencias con escritores de libros de actualidade.
- Posible realización de contacontos.
- Elaboración de libros de consulta feitos polos propios alumnos.
- Planificación e deseño de concursos en datas significativas.
- Selección e compra de novos fondos en función das necesidades e das nosas posibilidades, sobre todo en novos formatos.

1º trimestre.

- Constitución e posta en funcionamento do Equipo de Biblioteca.
- Establecemento de horarios do equipo e da responsable de biblioteca.
- Establecemento do horario para os titores e titoras.
- Elaboración, por parte do equipo, do plan de adquisición de novos fondos (en diferentes soportes), recollendo as suxestións e necesidades de todos os membros da comunidade educativa.
- Coordinación cos diferentes titores para organizar as horas da biblioteca escolar, as normas de uso e o préstamo dos fondos.
- Realización das operacións iniciais de mantemento no Meiga: altas, baixas, carnés, etc.
- Realización de excursións iniciais por niveis ou cursos para presentar ou recordar ao alumnado e ao profesorado a disposición dos fondos.
- Distribución de sesións para a formación de titores no préstamo e na consulta de fondos.
- Selección e formación do grupo de alumnado axudante na biblioteca.
- Localización e revisión dos fondos das bibliotecas de aula.
- Participación na exposición dos libros dos medos creados polo alumnado con motivo do Samaín durante a semana do 7 ao 11 de novembro.
- Recomendacións de libros para as lecturas de Nadal.
- Revisión das fichas individuais de préstamo.

2º trimestre.

- Revisión das fichas individuais de préstamo.
- Revisión e estimación de opcións de compra conforme ao presuposto.
- Participación nas actividades deseñadas para o Día da Paz e para o Entroido.
- Recomendacións de libros para o paro vacacional.

3º trimestre.

- Revisión e estimación de opcións de compra conforme ao presuposto.
- Revisión das fichas individuais de préstamo.
- Planificación e posta en práctica das actividades do Día do Libro, que este ano xirará en torno á *Volta ao mundo en 80 días* de Xulio Verne para tentar chegar a este célebre autor ao alumnado e continuar coa temática escollida pola UNESCO no 2017, Ano Internacional do Turismo Sostible.
- Celebración das Letras Galegas na semana do 15 ao 19 de maio (xunto co equipo de Dinamización Lingüística). Exposición e lecturas sobre o autor homenaxeado este ano: Carlos Casares.
- Recomendacións de libros para as vacacións de verán.
- Avaliación por parte da encargada e do equipo de biblioteca do proxecto de biblioteca.
- Elaboración da memoria final do curso sobre a experiencia.

### Proxecto lector

O proxecto lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas, deseñado coa participación de todo o profesorado das distintas áreas curriculares e niveis, coordinado preferentemente dende a biblioteca escolar pola persoa dinamizadora, que articula as intervencións que o centro vai levar a cabo en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas que se plasmarán anualmente.

A finalidade do Proxecto Lector é fomentar o hábito e o gusto pola lectura, contribuíndo a mellorar a práctica da lectoescritura.

Os obxectivos do Proxecto Lector son:

- Ler e interpretar imaxes e algunhas palabras escritas.
- Desenvolver o gusto e o pracer por oír e por contar contos.
- Desenvolver unha actitude de coidado no manexo dos libros.
- Espertar o interese e o gusto pola lectura a través de distintos tipos de textos (contos, rimas, adiviñas, poemas...) e soportes (revistas, xornais, cómics...).
- Aumentar a comprensión lectora.
- Aumentar a fluidez na lectura.
- Ser capaz de contar unha historia (relatar).
- Ser capaz de expresar a idea principal dun texto despois de escoitalo ou lelo.
- Potenciar o uso da biblioteca de aula.
- Desenvolver o sentido crítico á hora de elixir lecturas.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.
- Profundizar nos hábitos de comportamento axeitado nunha biblioteca.
- Manexar autonomamente os recursos dispoñibles na biblioteca.
- Buscar, clasificar e aproveitar os recursos para ampliar os coñecementos adquiridos na aula.
- Espertar a necesidade de elaborar creacións propias.
- Desenvolver hábitos de coidado e respecto polos libros e materiais existentes.
- Utilizar a lectura para ampliar o vocabulario e mellorar a ortografía.
- Dentro do tempo adicado ao Proxecto Lector diariamente, farase especial fincapé no fomento da lectura nas casas implicando ás familias no factor "motivación", faranse lecturas comúns en voz alta, lecturas significativas e calquera outra actividade proposta polo equipo de biblioteca en consonancia coa voz dos titores de aula.

#### **2.3.5. Avaliación. Criterios, procedementos e instrumentos**

A avaliación do proxecto farase nos diferentes momentos de execución e posta en práctica, é dicir, faranse unha avaliación inicial, procesual e final que permitan a retroalimentación e a posible corrección no "durante".

O que buscará esta avaliación é ver o grao de consecución dos obxectivos e o cumprimento do propio plan para identificar as posibilidades reais, as dificultades xurdidas, os puntos de apoio e o perfeccionamento do mesmo.

Analizaremos, do mesmo xeito, a contribución da biblioteca á comunidade educativa e o nivel de cobertura das distintas necesidades da mesma.

Os instrumentos de avaliación serán basicamente a observación directa dos membros do equipo de biblioteca e do profesorado, así como listas de control específicas para a

autoavaliación (cubertas polo propio equipo) e a heteroavaliación (cubertas polos demais usuarios da biblioteca), rexistros de números de préstamos, rexistros de visitas por titorías ou a comparativa real cos resultados de avaliacións dos cursos anteriores.

Os criterios de avaliación terán un senso xeral e serán os seguintes:

- Análise da situación de partida en relación ás posibilidades existentes.
- Grao de concreción de actividades e temporalización das mesmas.
- Consecución de obxectivos.
- Implicación do profesorado, do alumnado e da comunidade educativa.
- Viabilidade da continuidade do proxecto.
- Nivel de uso da biblioteca.
- Número de préstamos realizados por niveis.
- Preferencias por parte dos usuarios.
- Adecuación das actividades programadas polo equipo de biblioteca para o fomento da lectura.
- Adecuación das actividades programadas polos titores para o fomento da lectura.

#### **2.4 Tics:**

Establécense como obxectivos do presente curso os seguintes:

- Fomentar a elaboración de blogs e e-mails de aula.
- Actualizar a web do colexio e enlazar os blogs de aula e biblioteca.
- Realizar no centro un curso de formación en páxinas web.
- Actualizar as autorizacións para a publicación das imaxes dos nenos e nenas.
- Fomentar a introdución paulatina do uso das tics na rutina diaria de aula.
- Colaborar nos proxectos e actividades programadas por aulas e equipos

#### **2.5. ANPA. Programación actividades.**

A Anpa Flavia Pedrón, dentro do seu programa de actividades organizadas presenta a dirección do Centro a seguinte proposta:

-*Actividade de Aloha Ábaco* que se realizará os mércores de 17:00 a 19:00 horas.

As seguintes actividades: Pintura, Teatro, Judo e Zumba están pendentes de que se suman mais inscricións para poder ser levadas a cabo.

#### **2.6 Formación profesorado.**

Cursos programados de formación do profesorado:

- Continuación do grupo de traballo iniciado no curso 2015/16: “Un paso mais, engadimos ás familias”, sobre o traballo das emocións na aula e a intelixencia emocional.
- Seminario: “iniciación as páxinas web escolares”.
- Iniciativas de formación a nivel individual xa programadas para este curso.



## **2.7. Relacións coas familias.**

### **a) Encontros para medrar emocionalmente.**

Neste curso o centro pretende establecer vínculos de cooperación e colaboración coas familias a través do **“Plan de convivencia escolar 2016-2017, Ceip Flavia: benestar escolar e convivencia escolar e “aulas de diálogo”**.

Obxectivos:

- Informar ás familias do que estamos a realizar nas aulas en relación á Intelixencia Emocional
- Pedir a súa colaboración para continuar o proceso iniciado.
- Ampliar competencias emocionais nas persoas adultas como motor de desenvolvemento afectivo dos nenos/as.
- Axudarlles a afondar na conciencia emocional, regular emocións, autoestima, autonomía emocional, sentido da responsabilidade, tolerancia á frustración, aceptación dos límites e fracasos
- Aportar recursos para acadar o benestar emocional.

### **b) Plan Director da Garda Civil Para a Convivencia e Mellora da Seguridade escolar.**

Invítase aos pais de alumnos de todos os niveis. Fecha por determinar do segundo trimestre.

**c) Invitación a membros da comunidade escolar** para colaborar na presentación de actividades relacionadas con algún *centro de interese educativo* en aquelas aulas nas que se programen e sempre que o titor ou titora o estime oportuno.

**d) Invitación a pais previa publicación para visitar exposicións de traballos feitos polos alumnos/as.**

## **2.8. Plan xeral de avaliación do Centro.**

**O plan xeral de avaliación do centro está baseado nas directrices marcadas para a elaboración da Memoria final de curso:**

Cada un dos órganos de coordinación docente fará unha avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron, analizando as dificultades e resultados obtidos, propoñendo as solucións e sacando as conclusións que coiden oportunas. A partir de ditos informes, o equipo directivo elaborará a memoria final do curso, incluíndo os informes presentados.

Teranse en conta os seguintes instrumentos de avaliación :

#### **Para o alumnado:**

- A avaliación continua
- Os resultados das avaliacións de 3º e 6º de primaria.
- Estatística da promoción do alumnado.
- Informe final dos resultados da avaliación.

#### **Para o profesorado:**

- Grao de consecución das actividades programadas polos diferentes equipos.
- Grao de consecución dos obxectivos programados desde o Dep.de Orientación.

- Grao de cumprimento das funcións propias do equipo directivo.
- Grao de cumprimento das funcións propias dos diferentes equipos e órganos colexiados.

**Outros:**

- Memoria final do observatorio da convivencia.
- Situación socioeconómica do centro.
- Recursos do que dispón o centro.

**2.9 Guía de intervención para a mellora de resultados da avaliación de 3º.**

A vista dos resultados da avaliación de terceiro de primaria, o alumnado do centro necesita reforzar a comprensión e expresión oral e escrita.

**Guía de intervención:**

- Formar grupos de traballo por nivel** para elaborar material didáctico en diferentes formatos para reforzar a comprensión e expresión oral e escrita.
- Integrar na programación de aula** o traballo con estes recursos de forma pautada ao longo do curso.
- Establecer unha coordinación vertical entre o profesorado** para intercambiar experiencias e crear un método de traballo.

**2.10. Proxecto lingüístico. Addenda.**

*a) Enquisa coas familias resultados lingua materna:*

	<b>Galego</b>	<b>castelán</b>
<b>nenas</b>	<b>0</b>	<b>4</b>
<b>nenos</b>	<b>2</b>	<b>5</b>

*b) Non hai cambios na impartición de materias en linguas estranxeiras*

**c) Información e valoración do plan lector**

Este curso pretendemos continuar co plan de fomento á lectura co intercambio semanal de libros na biblioteca e a ca "**hora de ler**" na aula.

O plan lector complementarase con actividades programadas polos niveis e equipos dentro do plan de actividades extraescolares. (epígrafe 2.1)

**2.11. Pautas ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.**

O profesor titor terá en conta os seguintes criterios á hora de programar tarefas extraescolares dentro do marco do Decreto 105/2014, disposición adicional 3ª.

A actual lei educativa enmarca accións educativas como **saber, saber facer, saber ser**. Dentro da mesma normativa contémlanse dúas competencias clave relacionadas coas tarefas extraescolares. **Competencia para aprender a aprender**, aprender a ser cada vez mais eficaz e autónomo e **competencia en autonomía e iniciativa persoal**, aprender a ter criterio propio e a escoller accións para desenvolver opcións e plans responsabilizándose deles .

Esta responsabilidade axuda ao neno a cultivar éxitos, cada vez con mais frecuencia e a tomar decisións cada vez mais acertadas.

Desde esta perspectiva, o Centro e as titorías en particular pretenderán fomentar o hábito de traballo responsable encamiñado a reforzar os coñecementos e aprendizaxes adquiridas.

A familia é peza clave neste papel, posto que a preparación do alumnado para a vida vai depender da responsabilidade e compromiso dos pais ou titores legais cos seus fillos.

Os criterios á hora de establecer tarefas extraescolares van a estar supeditadas ao que podemos entender por estas: complementarias, de reforzo e tamén coas que se pretende que o alumno/a complete o traballo de aula. En calquera caso estarán sempre recollidas no currículo.

Á hora de aplicarlas terase presente:

1. O maestro ou maestra terá en conta á hora de establecer tarefas extraescolares ó ritmo de aprendizaxe do alumno, a súa capacidade de traballo e as súas necesidades.
2. Establecer unha coordinación co profesorado que imparte docencia na aula.

#### **2.12. Plan de evacuación do Centro.**

O Centro conta co Plan de evacuación. Para poñer en práctica dito plan, en colaboración coa unidade de Protección Civil do Concello de Padrón está programada unha actividade de evacuación do alumnado e profesorado en caso de emerxencia por incendio.

Calendario:

**Martes, 25 de outubro**, información ao profesorado e persoal non docente sobre o procedemento de evacuación en caso de incendio.

**Semana do 7 ao 11 de novembro**: charla e simulacro guiado ao alumnado (por niveis) de como se debe proceder á evacuación do centro en caso de incendio.

### **3. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA:**

É moi importante que haxa unha coordinación docente a través dos diferentes equipos, comisións, etc. Para deste xeito implicarnos nas tarefas de aula e tamén nas comúns.

#### **3.1. Equipos docentes**

##### **Ciclo de Infantil**

Sanmartín Castro, Silvia
Oliveira Ruzo, Isabel
Caeiro Nogueira, Sonia
Mallo Serrano, Olalla ( <i>Coordinadora</i> )

**Equipo de actividades extraescolares:**

López Cardigonde, Rosa María. <i>(Coordinadora)</i>
Serén Villar, Ángeles
Casal Pernas, M <sup>a</sup> Belén
Seca Vijande, Carlos
Sanmartín Castro, Silvia
García Álvarez, M <sup>a</sup> Soledad

**Dinamización da lingua (EDL)**

Villar Rodríguez, Rosario. <i>(Coordinadora)</i>
Leyes Bastida, Ana
Sixto Rey, Teresa
Mosteiro Zapata, Rafael
Oliveira Ruzo, Isabel
Busto Galego, María
Balseiro Rodríguez, Xulia

**Equipo Biblioteca:**

Carracedo Hermida, Alejandra <i>(Coordinadora)</i>
Bermúdez Pérez, M <sup>a</sup> del Carmen
De León Viloría, Nuria
Frois Refojo, Lucía
Sandá Barbazán, M <sup>a</sup> Benedicta
Leyes Bastida, Ana

**Equipo de TICS:**

Caeiro Nogueira, Sonia <i>(Coordinadora)</i>
Vieito Liñares, María
Miguéns Calvo, José Ramón
Mallo Serrano, Olalla
Rodríguez Carril, Jesús M.

**Equipo de orientación:**

Vázquez Randulfe, Dolores
Vieito Liñares, María
Balseiro Rodríguez, Xulia
García Álvarez, M <sup>a</sup> Soledad

Mallo Serrano, Olalla
Miguéns Calvo, José Ramón
López Cardigonde, Rosa María
Casal Pernas, María Belén
Seca Vijande, Carlos

**Comisión de coordinación pedagóxica:**

Vázquez Randulfe, Dolores
Villar López, Ana M <sup>a</sup>
Rodríguez Carril, Jesús M.
Vieito Liñares, María
Balseiro Rodríguez, Xulia
García Álvarez, M <sup>a</sup> Soledad
Mallo Serrano, Olalla
Miguéns Calvo, José Ramón
López Cardigonde, Rosa María
Casal Pernas, María Belén
Seca Vijande, Carlos
Carracedo Hermida, Alejandra

**3.2. TITORÍAS. Adscrición profesorado**

**Adscrición profesorado:**

4º infantil	Sanmartín Castro, Silvia
5º infantil	Oliveira Ruzo, Isabel
6º infantil	Caeiro Nogueira, Sonia
Apoio inf.	Mallo Serrano, Olalla ( <i>coord. de ciclo</i> )
1º A Primaria	Busto Galego, María
1º B Primaria	Miguéns Calvo, José Ramón ( <i>coord. de nivel</i> )
2ºA Primaria	Villar Rodríguez, Rosario
2ºB Primaria	López Cardigonde, Rosa María ( <i>coord. de nivel</i> )
3ºA Primaria	Sixto Rey, Teresa
3ºB Primaria	Casal Pernas, María Belén ( <i>coord. de nivel</i> )
4ºA Primaria	Sandá Barbazán, M <sup>a</sup> Benedicta
4ºB Primaria	Serén Villar, Ángeles ( <i>coord. de nivel</i> )
5ºA Primaria	Frois Refojo, Lucía
5ºB Primaria	Mosteiro Vázquez, Daniel ( <i>coord. de nivel</i> )
6ºA Primaria	Villar López, Ana M <sup>a</sup>
6ºB Primaria	Seca Vijande, Carlos ( <i>coord. de nivel</i> )
Lingua estranxeira: Infant., 1º, 2º, 4º	Carracedo Hermida, Alejandra
Lingua estranxeira: 3º, 5º, 6º	Bermúdez Pérez, M <sup>a</sup> del Carmen
Educ. Física:	Rodríguez Carril, Jesús M.

1ºB, 5º	
Educ. Física: 1A, 2º, 3º, 4º, 6º	Leyes Bastida, Ana
Educ. Music.	De León Viloría, Nuria
Relixión	Mosteiro Zapata, Rafael
Audición e linguaxe	Vieito Liñares, María
Audición e linguaxe	Balseiro Rodríguez, Xulia
Pedag. terapéutica	García Álvarez, Mª Soledad
Dep. Orientación	Vázquez Randulfe, Dolores

Orientadora	días	hora
Dolores Vázquez Randulfe	Martes	16:45-17:45

### 3.3. Equipo directivo

Directora: Dna. Ana Mª Villar López

X. de Estudos: D. Xesús M. Rodríguez Carril

Secretaria: Dna. Belén Casal Pernas

Encargados das súas función propias reguladas nos artigos 131 e 132 da Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro (BOE, 10 de decembro).

#### Plan de actuación:

-O equipo directivo ten previsto coordinar e regular, en función da normativa actual, a función docente do Centro, e convocar cantas reunións e claustros sexan precisos para a organización e coordinación de todas as iniciativas e propostas que se poidan incluír na programación do curso, tanto a nivel pedagóxico como de actividades complementarias e extraescolares.

-Así mesmo cumprirá a función de actualización de datos relativos ao mantemento do comedor escolar e a verificación do alumnado usuario do transporte escolar e o seu correcto uso.

#### OBXECTIVOS DO EQUIPO DIRECTIVO:

- Cumprir, facer cumprir a lexislación vixente dende o respecto .
- Coordinar as tarefas dos distintos equipos.
- Propiciar un clima de cordialidade e boas relacións entre o profesorado.
- Optimizar o rendemento dos recursos humanos e materiais
- Promover e potenciar as boas relacións con toda a comunidade educativa, con todas as institucións e colectivos relacionados co Centro.
- Mellorar as instalacións do centro, optimizando os recursos e as metodoloxías de traballo.

- Fomentar e promover a formación do profesorado sobre todo nas novas tecnoloxías ( TICS )
- Promover un clima de respecto e valoración cara a labor do profesorado desde toda a comunidade educativa.

**O equipo directivo establecerá un plan de avaliación do Centro onde se avaliará:**

- . A consecución das actividades do Centro de cara ao cumprimento do PEC.
- . O cumprimento da Programación Xeral Anual
- . A consecución dos acordos dos órganos colexiados.
- . O cumprimento das normas de convivencia do centro segundo o establecido no Plan de Convivencia.
- . A xestión e dinamización dos medios humanos da comunidade educativa, en especial Equipos de ciclo e Normalización Lingüística.
- . A xestión dos recursos materiais e formativos que favorezan o logro dos obxectivos educativos do centro.
- . A calidade da información transmitida á comunidade educativa: anpas e familias.

**3.4 Comisión avaliadora da avaliación de 3º de primaria:**

Directora: Ana Villar López
X. Estudos: Jesús M. Rguez. Carril
Dto. Orientación: M <sup>a</sup> Dolores Vázquez Randulfe
Titira: Teresa Sixto Rey

**4. ÓRGANOS COLEXIADOS:**

**4.1. Claustro de profesores:**

As súas funcións están reguladas art.128 da Lomce,  
Reunirase un mínimo de tres veces ao ano, unha por trimestre, e cantas sexa necesario para a organización e desenvolvemento da Programación Xeral Anual.

**4.2. Consello escolar:**

As súas funcións están reguladas nos arts.126/127 Lomce .  
(renov. parcial curso 2014-15)

**-Presidente:** Ana Villar López

**-Xefe de Estudos:** Jesús M. Rodríguez Carril

**-Secretaria:** Belén Casal Pernas

**-Representantes do Profesorado:**

Villar Rodríguez, Rosario (12-16)

Alexandra Carracedo Hermida (12-16)

Teresa Sixto Rey (14-18)

Rafael Mosteiro Zapata (14-18)

**-Representantes Pais :**

José Carneiro Vicente (12-16)

M<sup>a</sup> Ángeles Diéguez Macía (14-18)  
Representante Anpa: Hortensia tilve Hermida  
Representante P.A.S: José Tubío Fuentes (12-16)  
Representante do Concello: Lorena Dopazo Lois

**Comisión económica:**

**-Directora:** Ana Villar López  
**-Secretaria:** Belén Casal Pernas  
**-Profesorado:** Alexandra Carracedo Hermida  
**-Repr. País:** José Carneiro Vicente

**Representantes observatorio da convivencia:**

**-Directora:** Ana Villar López  
**-Xefe de Estudos:** Jesús M. Rodríguez Carril  
**-Representantes profesorado:**  
Alexandra Carracedo Hermida.  
Rosario Villar Rodríguez.  
Teresa Sixto Rey.

**-Asoc. país:**

M<sup>a</sup> Ángeles Diéguez Macía.  
**-Persoa encargada da coeducación:**  
Rafa Mosteiro Zapata.  
**-Representante P.A.S:**  
José Tubío Fuentes

Secretaria: (menor idade) Alexandra Carracedo Hermida.

### 4.3 Comisión de Coordinación Pedagóxica

#### Obxectivos

1. Coordinar a elaboración das programacións didácticas propoñendo medidas conxuntas de actuación.
2. Revisar os resultados da avaliación do Centro.
3. Colaborar no fomento dun clima de convivencia.
4. Propoñer pautas de actuación ó Claustro sobre diferentes aspectos curriculares.

E todas aquelas funcións dispostas no artigo 62, cap.II da orde 374/1996

#### Actividades previstas:

- Análise e revisión dos documentos de programación elaborados no centro: competencias criterios de avaliación., mínimos esixibles. criterios de promoción.
- Revisar o PEC aportando un plan de melloras.



#### **4.4 Departamento de Orientación**

**Xefa do departamento:** Dolores Vázquez Randulfe

##### **4.4.1. Estratexias metodolóxicas e organizativas do alumnado con NEAE.**

Enténdese por alumno con necesidade específica de apoio educativo ( NEAE ) aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade física, psíquica ou sensorial, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Detectaranse as necesidades educativas canto antes, para dar unha resposta axeitada e poder acadar o éxito escolar, e será fundamental a colaboración e coordinación tanto coa familia como cos servizos externos implicados na educación dos alumnos e alumnas.

As actuacións, estratexias, e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás súas necesidades educativas do alumno veñen establecidos no Decreto 229/ 2011, do 7 de decembro ( DOG nº 242 do 21 de decembro de 2011) polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, están concretadas no noso centro no Plan de Atención á Diversidade ( que xa foi revisado no curso pasado ).

Segundo a normativa citada poden levarse a cabo diversos tipos de actuacións deseñadas e planificadas polo centro educativo de carácter organizativo, pedagóxico e curricular, de entre as que destacamos as seguinte, en ordinarias e extraordinarias, no noso centro:

**1.1.- MEDIDAS ORDINARIAS :** Para todo o alumnado e que non afectan ao currículo prescritivo, sen alteracións significativa de obxectivos, contidos, e criterios de avaliación.

- ✓ Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos).
- ✓ Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- ✓ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- ✓ Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- ✓ Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- ✓ Programas de enriquecemento curricular.
- ✓ Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

1.2 MEDIDAS EXTRAORDINARIAS: Só se contemplan para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e requiren de autorización. Aplicaranse despois de ser esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes e implican modificacións significativas do currículo ordinario e/ou suponen cambios esenciais no ámbito organizativo, nos elementos de acceso ao currículo ou á modalidade de escolarización).

1. Adaptacións curriculares.
2. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
3. Flexibilización da duración do período de escolarización.

Dado o elevado número de alumnado do noso centro e as necesidades educativas que presentan téñense establecido os criterios de actuación.

▪ CRITERIOS XERAIS

1º.- En Educación Infantil: O apoio farase como norma xeral dentro da aula ordinaria. Contémplase a posibilidade de facelo fóra dela se o alumno precisa traballar aspectos específicos de reeducación da fala e/ou outras problemáticas específicas.

2º.- No primeiro e segundo curso de Educación Primaria: O apoio farase como norma xeral dentro da aula ordinaria. Contémplase a posibilidade de facelo fóra:

- 1) Alumnos que repitan o 2º curso de Educación Primaria e estean a iniciar o proceso lecto-escritor.
- 2) De forma moi excepcional, alumnos que sen estar a repetir o primeiro curso de Educación Primaria, e despois de telo intentado dentro da aula e non ter acadado resultados satisfactorios, presentan dificultades que lles fan precisar apoio individualizado, dado que a súa competencia curricular sepárase moito da media do grupo clase.

Nos tres casos estará analizado e xustificado polo Departamento de Orientación do Centro.

3º.- No terceiro, cuarto, quinto e sexto de Educación Primaria: O apoio levarase igualmente dentro da aula ordinaria, contemplando a posibilidade de sacalo fóra cando a competencia curricular do alumno/a estea moi por debaixo da media do grupo-clase e que resulte moi difícil darlle o apoio dentro, e/ou se trate de aspectos específicos de audición e linguaxe.

▪ CRITERIOS A SEGUIR PARA A ATENCIÓN DIRECTA DOS ALUMNOS/ AS.

A atención do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e profesorado con dispoñibilidade horaria priorizarase da seguinte forma:

1. Co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica:
  - a) Alumnado con Adaptacións Curriculares Significativas previstas e elaboradas no curso escolar .

- b) Alumnado con diagnóstico médico e / ou psicopedagóxico que requira de apoios para acadar os obxectivos mínimos correspondentes ao currículo ordinario por presentar grandes dificultades de aprendizaxe.
  - c) Alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e segue o currículo ordinario .
2. Co profesorado especialista en Audición e Linguaxe
- a) Alumnado con dificultades de comunicación.
  - b) Alumnado con dificultades na linguaxe.
  - c) Alumnado con dificultades articulatorias priorizando os de máis idade respecto aos de menos.
  - d) Alumnado que precisa apoios educativos por presentar dificultades no proceso lectoescritor.
3. Co profesorado adscrito aos apoios de titor por dispoñibilidade horaria
- a) Alumnado con dificultades leves e/ou transitorias.

## 5. ORGANIZACIÓN FUNCIONAL

### 5.1. Xornada escolar e horarios

O centro funciona con réxime de xornada continuada, as horas complementarias de obrigada permanencia no centro axustaranse ó establecido no proxecto pedagóxico aprobado polo Departamento Territorial.

#### a) Horario docente:

1ª SESIÓN	9:45-10:35
2ª SESIÓN	10:35-11:25
3ª SESIÓN	11:25-12:15
RECREO	12:15-12:45
Plan lector	12:45-13:55
4ª SESIÓN	13:05-13:55
5ª SESIÓN	13:55-14:45

#### b) Horario martes tarde:

15:55-16:45	Reunións ciclos, equipos e niveis
16:45-17:45	Titorías pais
17:45-20:00	Claustros, Consellos escolares e outras reunión.

**c) Horario equipo directivo de atención a comunidade educativa:**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09:45-10:35	Dirección		Dirección		Dirección
10:35-11:25	Xefat. Est. Secretaría		Secretaría		
11:25-12:15			Xef. Est.		Xef. Est. Secretaría
13:05-13:55					
13:55-14:45					

**d) Horario servizo biblioteca escolar:**

O servizo de biblioteca estará polas tardes será de 15:45-17:00 en quendas de dous mestres/as de garda.

Horario de uso da biblioteca durante o horario docente:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:45-10:35	1ªA	1ºB	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	5ºB
10:35-11:25	5 anos	3 anos	2ªA	BIBLIOTECA	6ªA
11:25-12:15	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	2ºB	4ªA	5ªA
R	E	C	R	E	O
13:05-13:55	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	4 anos	3ºB	6ºB
13:55-14:45	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	3ªA	4ºB	

**e) Horario de reunións de equipos e niveis:**

EDL/Extraesc./TICS/Biblioteca	1º martes de 16:00 a 17:00
Orientación	2º martes
Ciclos/niveis	3º martes
CCP	4º martes

**5.2. Horario de organización do persoal non docente:**

**a) Conserxería**

O horario laboral do Conserxe é de 9:30 a 14:00 horas e de 15:00 a 18:00 horas. O seu plano de traballo é o que se detalla a continuación:

HORARIO	TAREFAS
As 9:30	Abrir as portas de acceso ó recinto escolar e os servizos exteriores. Control e atención ós alumnos e transporte escolar.
5 min. antes das horas de entradas e saídas (mañá, recreo e tarde):	Abrir as portas do edificio para o acceso dos alumnos.
10 min. despois das horas de entradas e saídas:	Pechar as portas de acceso ó edificio e recinto escolar
Desde a hora de entrada da mañá ata o recreo:	Mantemento interior do colexio. Tarefas propias de conserxería.
Durante o recreo:	Tarefas propias de conserxería. Tarefas de atención ó profesorado.
Despois do recreo:	Correo. Mantemento interior do colexio. Tarefas propias de conserxería.
No horario de tarde:	Abrir e pechar portas igual que pola mañá. Mantemento exterior do colexio. Tarefas propias de conserxería.

A Dirección do Centro concretará as tarefas ou labores que considere oportunas en cada momento.

**b) Coidadora.**

O seu horario foi elaborado polo dep. de Orientación e está supeditado aos alumnos ao seu cargo. Entrará na aulas en función de como se estableceron os apois e atenderá as demandas puntuais por parte dos titores.

**c) Persoal limpeza**

O horario é de 16:30 H a 20:30 h. O seu plano de traballo será concretado a principios de curso pola Dirección do Centro, quen comunicará tamén calquera modificación posterior que se estime oportuna para mellorar o servizo.

**d) Persoal de cociña**

O horario é de 9:30 h a 17:00 h. O seu plano de traballo virá determinado pola directora do Centro ou polo responsable de Comedor no que delegue.

### 5.3. Reunións pais:

Como marca a lexislación establecerase unha reunión inicial e conxunta de pais para tratar asuntos pedagóxicos e pautas de actuación comúns:

<b>Martes 27 de setembro:</b>
de 16:00-17:00 horas.- Educ. Inf.
de 17:00-18:00 horas.- 1º, 2º E.P.
<b>Martes 4 de outubro:</b>
de 16:00-17:00 horas: 3º, 4º E.P.
de 17:00-18:00 horas: 5º, 6º E.P.

### Horario de titorías:

Os titores e especialistas atenderán aos pais ou titores legais os martes de 16:45 a 17:45.

### 5.4. calendario de avaliacións:

	Data	Entrega boletíns	Recollida boletíns
1ª Avaliación	13 decembro	20 decembro	21 decembro
2ª Avaliación	4 abril	6 abril	7 abril
3ª Avaliación	20 xuño	23 xuño	-----

### 5.5 Gardas:

#### a) Garda de transporte:

O alumnado transportado ( 123 alumnos) está vixiado desde 10 minutos antes da hora de entrada (09:45) por unha quenda de tres mestres/as distribuídos polo patio vixiando: porta de entrada patio exterior e patio de infantil.

#### b) Gardas recreo

Durante este período vixiarán o patio quendas de sete mestres/as. Dous mestres/as, xunto coa coidadora vixiarán o patio de infantil ( 45 alumnos/as) e cinco distribuiranse polos patios de primaria (224 alumnos/as).

#### c) Garda tardes de biblioteca

Establécense quendas de dous profesores por tarde en horario de 15:45 a 17:00 horas.

**6. DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO E POSTOS DE TRABALLO.**

**6.1 Alumnado**

O alumnado queda distribuído por grupos e unidades do seguinte xeito:

ALUMNADO		nivel	Unida/grupos		Nº alum
Educación Infantil		4º	1	A	11
		5º	1	A	21
		6º	1	A	13
Educación Primaria		1º	2	A/B	14/16
		2º	2	A/B	20/21
		3º	2	A/B	15/15
		4º	2	A/B	20/19
		5º	2	A/B	17/17
		6º	2	A/B	25/25
total alumnado .....					269

**6.2 Persoal docente:**

	p. def.	p. prov.	inter.	contrat.	total
nº profes.	23	1	2	0	26

**6.3 Persoal non docente:**

	p. def.	p. prov.	inter.	contrat.	total
Nº traball.	4	0	0	4	8

**6.4 nº alumnos comedor e colaboradoras:**

nº alumnos/as	nº becas	nº País /nais colab.
176	139	7

**6.5 Outros usuarios do comedor:**

Colaboradoras	Director/a	Persoal cociña	coidadora	encargado
7	1	3	1	1

## 7. PROXECTO DE DIFUSIÓN DA LINGUA GALEGA

### 0. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) segundo Miguel Calvillo, é unha parte do Proxecto Educativo de Centro na que se recolle a regulación consensuada dos usos lingüísticos comunicativos e a súa educación en todos os aspectos da vida do centro (ensinos, materias, documentos, administración, actividades...) co fin de mellorar o ensino.

É por iso que tendo en conta a nova normativa estatal co cambio de lexislación educativa LOMCE, o Proxecto lingüístico ten que incluír un criterio común do tratamento das linguas que se imparten no centro.

### 1. MARCO LEGAL

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística no seu TITULO III establece : Do uso do galego no ensino

#### Artigo 12

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos.
2. A Xunta de Galicia regulará a normalización do uso das linguas oficiais no ensino, de acordo coas disposicións da presente Lei.

#### Artigo 13

1. Os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna.

O Goberno Galego arbitrará as medidas necesarias para facer efectivo este dereito.

2. As autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino.
3. Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón da lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellasen, a separación en aulas diferentes.

#### Artigo 14

1. A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios.

Garantirase o uso efectivo deste dereito en todos os centros públicos e privados.

2. O Goberno Galego regulará as circunstancias excepcionais en que un alumno pode ser dispensado do estudo obrigatorio da lingua galega. Ningún alumno poderá ser dispensado desta obrigación se cursase sen interrupción os seus estudos en Galicia.
3. As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ao final dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.



#### Artigo 15

1. Os profesores e os alumnos no nivel universitario teñen o dereito para empregar, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia.
2. O Goberno Galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario.
3. As autoridades educativas adoptarán as medidas oportunas a fin de que a lingua non constitúa obstáculo para facer efectivo o dereito que teñen os alumnos para recibir coñecementos.

#### Artigo 17

2. As autoridades educativas promoverán o coñecemento do galego por parte dos profesores dos niveis non incluídos no parágrafo anterior, a fin de garantir a progresiva normalización do uso da lingua galega no ensino.
- DECRETO 79/2010 de 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia.  
Este decreto baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Ademais, desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### **Capítulo II : Do uso do galego na administración educativa**

#### Artigo 3º.-A lingua na administración educativa.

1. Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas, como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.
2. As programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.
3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, excepto no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, nas que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados a petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **Capítulo III :As linguas oficiais de Galicia no ensino non universitario**

#### Artigo 4º.-Principios.

Os principios a partir dos cales se elabora este decreto son os seguintes:

1. Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas

dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.

3. Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.

4. Participación e colaboración das familias nas decisións que incumben ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.

5. Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

Artigo 5º.-Educación infantil.

1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, aínda que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.

2. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais tutores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.

3. Atenderase de maneira individualizada ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

4. Cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.

Artigo 6º.-Educación primaria.

1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

2. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.

3. Impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural social e cultural, (ca

4. **LOMCE serían as materias de Naturais e Sociais),** e en castelán a materia de Matemáticas.

5. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán distribúense no mesmo porcentaxe das horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a lingua na que se imparten as materias )

Artigo 14º.-Proxecto lingüístico de centro.

1. Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares, no cal se fará constar:

a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

b) En educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento os ensinamentos que se lle imparten.

c) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

2. O proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do centro,

nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e o coordinador(a) do equipo de dinamización da lingua galega. Será aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo.

3. Este proxecto remitirase cada catro cursos escolares aos servizos da inspección educativa, que velarán para que o seu contido axústese a este decreto e ao desenvolvemento da Lei orgánica de educación.

4. Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na que conste:

a) Nos centros que imparten educación infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

1. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

2. En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai a desenvolver no curso seguinte.

5. Sen prexuízo do previsto no epígrafe 4 deste artigo, a Administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, no seu caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

#### **Artigo 15º.-Equipos de dinamización da lingua galega.**

1. Para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador(a), por profesorado, por representantes do alumnado (excepto no ensino infantil e primario) e por persoal non docente.

2. A composición do equipo de dinamización da lingua galega para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

3. Os equipos de dinamización da lingua galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.

4. A consellería competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o labor dos equipos de dinamización da lingua galega e divulgará as experiencias positivas desenvolvidas nos centros educativos.

5. Con esa finalidade coordinadora, constituiranse comisións en cada xefatura territorial de educación. A súa composición e funcións específicas serán determinadas pola consellería competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, de acordo coas directrices da política lingüística da Xunta de Galicia. linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

- DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.  
No Capítulo III, artigo 15 punto 9 establece: “Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartir o currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua”.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

O noso centro está situado na Rúa do Carme, no núcleo urbano de Padrón, a carón do río Sar e da desembocadura deste no río Ulla; do IES Camilo Xosé Cela e IES Macías o Namorado. É un dos dous centros educativos de Educación Infantil e Primaria cos que conta o concello.



Padrón é un pequeno concello formado polas parroquias de: Padrón, Herbón, Carcacía e Iria Flavia.

A zona do colexio está equipada con servizos de tipo educativo: pavillóns, piscina, biblioteca municipal e auditorio ademais do famoso Paseo do Espolón (no que o concello desenvolve actividades de tipo cultural e deportivo) e o Xardín Botánico.

Contamos ademais coa Casa-museo de Rosalía de Castro e a fundación Camilo Xosé Cela, un paseo fluvial ata a desembocadura do río, a área recreativa do Santiaguíño do Monte coa súa ermida, e dous parques infantís.

A lingua predominante no contorno é no centro urbano é o castelán e nas zonas rurais o galego.

Temos adscritas ó noso centro, as escolas unitarias de: Herbón, Retén, Pousada- Carcacía, A Ponte.

- ✓ **Características do centro.-**

O CEIP Flavia de Padrón, é un centro educativo público que imparte as ensinanzas correspondentes as etapas de Educación Infantil e Educación Primaria. Está situado no centro urbano de Padrón, A Coruña e adscrito ó IES Camilo Xosé Cela deste mesmo municipio.

- Recibimos nenos/as tanto do ámbito urbano como rural.
  - Conta ademais con servizo de comedor e transporte escolar.
  - O claustro de profesores está formado por 26 persoas.
  - Persoal de Administración e Servizos traballan: un conserxe, 4 limpadoras.
  - No servizo de comedor cóntase cunha cociñeira (oficial de 2ª) e 2 pinches, así como con 8 nais que realizan a función de coidadoras do comedor.
- No tocante á **ambientación lingüística do centro** dicir que:

- ☐ A lingua galega emprégase na documentación administrativa do centro, nos rótulos, nas notas informativas dos taboleiros, nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións.
- ☐ A dotación de fondos en galego é similar á de fondos en castelán en canto a libros de lectura., pero é insuficiente no tocante a películas e xogos didácticos en lingua galega. Cumpiría pois aumentar a adquisición de materiais editados en CD, DVD, discografía galega e bibliografía en xeral.
- ☐ O centro dispón dun blog “ [www.o.pemento.blogspot.com](http://www.o.pemento.blogspot.com)” no que a maioría de entradas e traballos expostos están en galego.
- ☐ Todos os novos alumnos, que se incorporan a o longo do curso falan castelán.

### 3. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

- ✓ Na etapa de Educación Infantil

A lingua materna dos nosos alumnos/as de educación infantil é o castelán, segundo reflicten os resultados da pregunta efectuada aos pais, nais, titores/as ou representantes legais no mes de xuño.

Sendo o castelán a lingua materna predominante usarase como vehicular en todo o ciclo, e de xeito individualizado terase en conta a lingua materna de cada alumno.

En educación infantil hai un total de 45 alumnos/as.

-En 4º de e. infantil de 11 alumnos: 2 son galego falantes e 9 falan en castelán.

-En 5º de e. infantil de 21 alumnos: 6 son galego falantes e 15 falan en castelán.

-En 6º de e. infantil de 13 alumnos: 6 son galego falantes e 7 falan en castelán .

Do total, falan galego un 31% dos alumnos e alumnas.

A maioría dos alumnos que se matriculan en infantil proceden do núcleo urbano, esta podería ser unha causa do baixo índice de alumnos e alumnas que utilizan o galego como idioma materno.

**Introduciremos o coñecemento das dúas linguas a través das seguintes estratexias e actividades:**

- ☐ Establecer situacións de comunicación verbal nas dúas linguas.
- ☐ Animar aos alumnos para que se expresen tamén en galego a través de frases sinxelas.
- ☐ Emprego de estímulos afectivos que reporten satisfacción pola súa participación.
- ☐ Achegamento á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos de contos clásicos e de poemas literarios, espertando actitudes de valoración e interese cara a eles.
- ☐ Facer uso da biblioteca como fonte de diversión e información.
- ☐ Iniciación no sexto nivel ao uso das dúas linguas na lectura e escritura de palabras e á súa valoración como medio de comunicación.
- ☐ Identificación do galego como lingua propia de Galicia, a través de distintas actividades de conmemoración que se realizan no centro.
- ☐ Contacontos e teatro de títeres ou marionetas.
- ☐ Uso de distintos soportes das novas tecnoloxías como medios de información e comunicación.

✓ Na etapa de Educación Primaria

Na educación primaria atópanse matriculados un total de 233 alumnos , dos que un 43,5% son galego falantes , un 45,3% son castelán falantes e tan só 11,2% utilizan ambas dúas linguas, pero nun proceso diglósico xa que o galego utilízano na casa e cos amigos e no colexio utilizan o castelán .

A partires de 3º de primaria incorpóranse os nenos das escolas rurais ao noso centro que usan maioritariamente como lingua materna o galego manténdose o uso do castelán no resto dos cursos.

As materias impartidas en galego, os materiais didácticos e recursos educativos empregados, estarán redactados nesta lingua e procurarase que o alumnado utilice o galego nas súas expresións orais e escritas.

**4.O TRATAMENTO DAS LINGUAS NO PROXECTO LINGÜÍSTICO**

Dende o noso centro sabemos a importancia que ten o bo manexo da lingua e das linguas, porque a súa función principal é a comunicación e a transmisión de información tanto de xeito oral coma escrita. A necesidade de formar a os nosos alumnos e alumnas nunha boa expresión oral e escrita implicará:

- ☐ Comprender e expresar o que senten.
- ☐ Optar por unha resolución dialogada de conflitos.
- ☐ Un correcto desenvolvemento da oratoria, xa que esta require da necesidade de ter un léxico rico e dotarse dunha boa estruturación sintáctica, así como dunha boa entoación do discurso.
- ☐ Un bo desenvolvemento da expresión escrita que dará lugar a creatividade de escritos,

carteis, textos literarios, poéticos...

- ☐ O fomento de hábitos de diferentes lecturas e a crítica das mesmas.
- ☐ As linguas como un conxunto no noso proxecto lingüístico.

Tendo en conta o DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Cremos destacar o máis salientable con respecto ao tratamento das linguas.

Así no que se refire a Lingua Castelá e literatura e Lingua e literatura Galega podemos dicir que tanto unha como a outra ao longo da educación primaria teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Para iso cómpre dotar a os nosos alumnos e alumnas de ferramentas para que poidan desenvolverse nas relación sociais que se establecen entre os seus iguais e co adulto indistintamente nunha lingua ou noutra.

É importante a aprendizaxe das linguas para poder falar, ler e escribir sobre as emocións, afectos, aventuras, sobre o mundo ,e é, a porta de acceso ao coñecemento.

É por iso que o profesorado dentro do seu proxecto lingüístico cobre un papel fundamental porque ten que levar a o alumnado a facelo consciente do potencial que ten

o uso das linguas para comprender, crear ou transformar o mundo á vez que desenvolve as súas propias posibilidades tanto orais como escritas.

O ensino da Literatura forma parte da transmisión da cultura, do achegamento á fantasía a creatividade, xerando novos mundos, lugares...e tamén á creación dunha reflexión crítica. Así, a aprendizaxe da literatura debe constituír tanto un instrumento de aprendizaxe como unha fonte de gozo e de creatividade.

A diversidade de linguas que existen no mundo, e das que nos vemos inmersos fai que teñamos que incluír aspectos que son comúns a certas linguas para que se poidan desenvolver cada unha delas á vez que aprendemos outras novas que conviven no noso arredor.

Así tal e como aparece no decreto do currículo de primaria :”Ademais, no centro teñen presenza lingua(s) estranxeira(s) que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de lingua estranxeira, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e

para unificar a terminoloxía. Pois, non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e a(s) ambiental(is).”

- ☐ A metodoloxía común ás linguas  
Partindo da normativa vixente aplicaremos unha metodoloxía na que:



Deben enfocarse á posibilitar a realización de tarefas que o alumnado deba resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

- ☐ O traballo por proxectos resulta especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias pois permite aplicar a contextos da vida real ou verosímiles as aprendizaxes realizadas, e motiva para aprender máis ao xerar nos nenos e nenas a curiosidade e a necesidade de adquirir novos coñecementos, destrezas, actitudes e valores na resolución do proxecto.
- ☐ A integración das TIC debe ir acompañada dun cambio metodolóxico que oriente a aprendizaxe da lingua cara á mellora dos usos comunicativos, desterrando das aulas prácticas rutineiras centradas na análise e descrición de unidades lingüísticas descontextualizadas. Para iso, o uso das TIC nas actividades de ensino- aprendizaxe debe darse sempre no marco de proxectos de comunicación, inscritos en situacións reais, que teñan sentido para o alumnado e cuxa finalidade sexa a produción e a comprensión de textos reais tanto de carácter oral como escrito.
- ☐ Terase en conta a atención á diversidade e a consideración dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo que posibiliten a resolución conxunta das tarefas, e potencien a inclusión do alumnado  
Para poder lograr unha metodoloxía conxunta é que medre á vez que os nosos alumnos e alumnas desenvolveranse nas diferentes programacións de niveis criterios comúns das linguas para evitar que se solapen os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. A maiores deste traballo os responsables do Equipo de Dinamización da Lingua xunto ca biblioteca co seu proxecto lector realizarán actividades para fomentar o uso de todas as linguas que converxen no noso centro educativo.
- ☐ Avaliación das linguas
- ☐ Utilización de diferentes técnicas como, por exemplo, o porfolio, as rúbricas, mapas conceptuais, debates, solución de problemas contextualizados, ademais das probas específicas. Todo este proceso quedará establecido nas diferentes programacións de nivel.
- ☐ E avaliación dos diferentes Proxectos de Fomento do uso da Lingua Galega realizados anualmente.
- ☐ Terminoloxía empregada  
Tal e como establece a lexislación amosamos que é preciso que o profesorado utilice a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Estableceranse nas programacións dos diferentes niveis.
- ☐ Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

O Departamento de Orientación tomará as medidas axeitadas para mellorar a competencia lingüística dos nenos/as se fora preciso: Grupos de adquisición das linguas, grupos de adaptación da competencia curricular, agrupamentos flexibles, atención individualizada... en definitiva, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado/a.



## 5. DISTRIBUCIÓN DE MATERIAS E LINGUAS NAS QUE SE IMPARTE

<b>Areas impartidas en lingua galega:</b>						
	1º nivel	2º nive	3º nivel	4º nivel	5º nivel	6º nivel
Lingua G.	4	4	4	4	4	3
C. sociais	3	2	3	2	2	3
C.naturais	2	2	2	2	2	2
E. Artís.	2	2	2	2	2	2
E. Física	2	2	2	2	2	2
<b>Total</b>	<b>13</b>	<b>12</b>	<b>13</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>13</b>
					<b>total</b>	<b>75</b>
<b>Areas impartidas en lingua castellana:</b>						
	1º nivel	2º nivel	3º nivel	4º nivel	5º nivel	6º nivel
Lengua C.	4	4	4	4	4	3
Matemáticas	5	5	4	4	5	5
Relx./ Val. Civ.	1	2	1	1	1	1
Lingua ext.	2	2	3	3	3	3
Libre conf.				1		1
<b>Total</b>	<b>12</b>	<b>13</b>	<b>12</b>	<b>13</b>	<b>12</b>	<b>13</b>
					<b>total</b>	<b>75</b>

## 6. OBXECTIVOS

**En relación ao profesorado**

- Fomentar o uso do galego e sensibilizar da súa importancia en todas as dimensións lingüísticas.
- Artellar estratexias de actuación para que os prexuízos lingüísticos detectados non se incrementen.
- Buscar e crear espazos para a reflexión sobre o uso da lingua nos medios, presenza en Internet, uso nas saídas...
- Empregar as Tecnoloxías da Información e Comunicación como ferramenta e soporte da lingua galega.

**En relación ao alumnado**

- Potenciar o uso da lingua galega para fomentar intercambios lingüísticos significativos (deporte, xogos...).
- Eliminar prexuízos lingüísticos potenciando actitudes positivas e de valor cara ao uso da lingua galega en distintos contextos.
- Resaltar o valor da nosa lingua a ser usada en calquera contexto.
- Ver os diferentes usos do galego en contextos e soportes relacionadas coas TIC.
- Potenciar a investigación das súas propias orixes para comprender por que temos unha lingua propia, co fin de valorarse a un mesmo ao tempo que se establecen marcos comparativos entre outras culturas con puntos de diferenzas e semellanzas.
- Potenciar a competencia de aprender a aprender a través de distintas fontes de información:

libros, revistas, Internet...

❓ **En relación a o personal de administración e servizos**

- Utilizar o galego como lingua de comunicación oral e escrita con e entre o persoal non docente e o resto da comunidade educativa.

❓ **En relación á situación lingüística no centro**

- Empregar a lingua galega como lingua de comunicación entre o centro, a comunidade escolar, a comunidade social e as institucións públicas e privadas.
- Promover o coñecemento e o uso da lingua galega entre a comunidade familiar inmigrante.
- Promover a linguaxe non sexista e discriminatoria.
- Potenciar a compilación de referentes galegos patrimoniais, literarios, pictóricos, plásticos, musicais, arquitectónicos e culturais.
- Fomentar celebracións que promovan a implicación, o compromiso de toda a comunidade educativa.
- Dinamizar a visión de filmes en galego entre a comunidade educativa e municipal.
- Identificar as similitudes e diferenzas entre as diversas linguas e culturas que coexisten no centro.
- Implicar a outras institucións como o concello, as casas culturais, a prensa, a radio na divulgación e uso da lingua galega.

## 7. ACTIVIDADES

As actividades que se levan a cabo veñen propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega en coordinación co resto dos equipos para darlle unha maior funcionalidade ao centro. Preténdese con isto que:

- Optimice a vida do centro.
  - As tarefas estarán conectadas entre si.
  - Terán unha temática común
  - Serán significativas e fomentarán o desenvolvemento das competencias básicas.
- As actividades formarán parte do Proxecto de Fomento do uso da Lingua Galega e variarán ou completaranse segundo o curso académico.

## 8. RECURSOS

❓ **Persoais**

- Todo o profesorado do centro.
- Colaboración con
- Concellería de Educación, Cultura e Normalización Lingüística.
  - Concellería de Cultura e Deportes do Concello de Padrón.
  - Dirección Xeral de Política Lingüística.

• Outros

❓ **Materiais:**

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedia
- Bibliotecas de aula.

- Un ordenador, proxector e pantallas con conexión a internet en todas as aulas de primaria e Educación Infantil.
- Fotocopiadora e plastificadora.
- Taboleiro de anuncios.
- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.

## 8. PLAN DE USOS E ESPAZOS

No centro distribuimos e coordinamos a actividade docente e extraescolar nos seguintes espazos:

**- 3 aulas de primaria de educación infantil.**

**-12 aulas de educación primaria**

**-2 aulas de lingua estranxeira :** Aula nº 1 para niveis de 3º, 5º e 6º de primaria

Aula nº2 para os niveis de infantil, 1º, 2º, 4º de primaria.

**-1 aula de usos múltiples e desdobramentos.**

	Luns	Martes	Mercores	Xoves	venres
1ª sesión	*	*	*		desdobre
2ª sesión	desdobre	*	desdobre	*	*
3ª sesión	desdobre		desdobre	*	*
4ª sesión	*	desdobre	*	desdobre	*
5ª sesión	*	*	*	desdobre	*

\* usos múltiples

**-1 biblioteca** destinada ao uso de titorías e préstamo de libros.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:45-10:35	1ªA	1ºB	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	5ºB
10:35-11:25	5 anos	3 anos	2ªA	BIBLIOTECA	6ªA
11:25-12:15	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	2ºB	4ªA	5ªA
R	E	C	R	E	O
13:05-13:55	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	4 anos	3ºB	6ºB
13:55-14:45	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	3ªA	4ºB	

**-1 ximnasio**

Dedicado ao alumnado de infantil, 1º, 2º, 3º, e 4º de primaria.

**-1 pavillón polideportivo** compartido cos IES Rosalía de Castro e Macías o Namorado onde se imparten clases aos niveis de 5º e 6º de primaria

**-Despacho de orientación .**

**-3 patios de recreo**

Patio-parque de infantil

Patio superior para o alumnado de 1º e 2º de primaria

Patio inferior para o alumnado de 3º a 6º de primaria.

*Os días de chuvia usaranse o ximnasio, andares e os dous porches exteriores.*

**-Salón distribuidor**

Lugar que polo seu amplo espazo tamén está destinado a actividades extraescolares e espazo de exposicións.

**-Conserxería e sala de fotocopias.**

**-Sala de profesores ,** dedicada a gardas claustros, consellos e reunións.

## **9. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

### **9.1. Comedor**

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que cumpre unha función social e ademais unha función educativa.. Este comprende os servizos de xantar e atención ós usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior.Tamén fomenta programas de promoción da saúde, alimentarios e habilidades persoais.

#### Regulamento e funcionamento:

O comedor está rexido segundo a normativa vixente que regula o funcionamento de comedores escolares financiados con fondos públicos da consellería de Educación e O.U.; Orde do 21 de febreiro do 2007, Orde do 13 de xuño do 2008 e Decreto 31 de agosto de 2013 as instrucións do 1 / 2014 de 5 de xuño que regulan a organización e funcionamento, e o Decreto 374 que regula o pagamento. No noso Centro funciona un comedor escolar de xestión directa con persoal dependente da Consellería de Educación, modalidade A. Está atendido por pais/nais colaboradores que fan as tarefas de coidado e vixilancia no xantar e tempo posterior ó mesmo; o número de estes ven determinado na anterior Orde, un total de 8 colaboradores/as pais/nais de alumnos/as.

Tódolos alumnos comen nunha quenda (14:45- 15:45)

Encadrado na clase C.

Persoal de cociña: 1 oficial e 2 axudantes

Comen tódolos alumnos que solicitaron o servizo de comedor, con gratuidade total para tódolos alumnos transportados integrados na area de influencia do Centro, a excepción dos que son transportados e viven a menos de 2Km do Centro.

O pagamento do servizo de comedor queda regulado polo Decreto 31 de agosto de 2013 e as instrucións 1/2014 de 5 de xuño.

No R.R.I. e PEC están contidas as normas de comportamento, así como a organización interna do comedor.

Existe no comedor escolar un libro de incidencias onde cada colaborador/a anota os distintos acontecementos que deben ser resaltados.

**Menús:**

Procúranse que sexan comidas cunha presentación atractiva para os nenos/as, servidas en un tempo suficiente.

**Obxectivos:**

**Xerais:**

- Desenvolver e fomentar hábitos saudables dende a escola .
- Educar nutricionalmente.
- Ensinar un comportamento social e ser centro de desenvolvemento de habilidades e de convivencia.
- Cubrir unha parte importante das necesidades nutricionais dos nenos/as proporcionando menús saudables, que xunto co resto das comidas do día deben achegar o resto das cantidades necesarias para un aporte enerxético diario.
- Enriquecer ós nenos e nenas na cultura dos gustos, sabores e texturas.

Outros obxectivos:

- Fomentar e crear e hábitos de hixiene e limpeza: lavar as mans antes de comer .....
- Manter unha postura correcta e relaxada na cadeira mentres se come.
- Mostrar unha actitude positiva ante a comida e non de rexeitamento.
- Comer sen presas.
- Mastigar ben os alimentos.
- Utilizar correctamente a cubertería e o pano para limparse.
- Aprender a falar sen gritos na mesa.

**9.2 Transporte**

As empresas de transporte seguen a ser as mesmas de cursos anteriores:

AUTOBUSES SANCHEZ S.L., de Padrón

AUTOBUSES BENITO ABALO S.L., de Caldas de Reis.

Están en funcionamento catro liñas. - A liña 1. *Empresa Benito Abalo.*

- As liñas 2, 3 e 4. *Empresa Sánchez.*

**En total os nenos/as transportados son: 123**

**10.LIBROS DE TEXTO**

**1º Primaria RELACIÓN DE LIBROS PARA O CURSO 2016-2017**

ÁREA	TÍTULO, ISBN	EDITORIAL
<i>LENGUA CASTELLANA</i>	"SABER HACER ". 978-84-680-1857-7	Santillana
<i>LENGUA GALEGA</i>	"SABER FACER ". 978-84-9972-542-0	Santillana
<i>LECTURAS</i>	Lecturas 1 978-84-316-9185-1	Vicens Vicens
<i>MATEMÁTICAS</i>	Aula activa 978-84-682-2028-4	Vicens-Vives
<i>C. NATURAIS</i>	Aula activa 9788468221977	Vicens-Vives
<i>C. SOCIAIS</i>	Aula activa 9788468221953	Vicens-Vives
<i>ALTERNATIVA</i>	Valores Sociales y Cívicos 1. Con razón 9788467836387	Anaya
<i>RELIGIÓN CATÓLICA</i>	Religión Católica 1 978-84-678-7604-8	Anaya

MÚSICA	1º primaria: Xograr 1 Música século XXI I 978-84-9737-116-2 (Material funxible)	Galinova
INGLÉS	ROOFTOPS 1 AB PK 9780194503112 (Material funxible)	Oxford

**2º PRIMARIA: RELACIÓN DE LIBROS PARA O CURSO 2016-2017**

ÁREA	TÍTULO, ISBN	EDITORIAL
LINGUA GALEGA	“SABER FACER “. 978-84-9972-239-9	Santillana
LENGUA CASTELLANA	“SABER HACER “. 978-84-680-2546-9	Santillana
LECTURAS	Contos das catro estacións 2 978-84-682-1405-4	Vicens-Vives
MATEMÁTICAS	Aula activa 978-84-682-2834-1	Vicens-Vives
C. NATURALS	Aula activa 9788468228303	Vicens-Vives
C. SOCIAIS	Aula activa 9788468228976	Vicens-Vives

ALTERNATIVA	Valores Sociales y Cívicos 2. Con razón 9788467874914	Anaya
RELIGIÓN CATÓLICA	Religión Católica 2 978-84-678-7606-2	Anaya
MÚSICA	2º primaria: Xograr 2 Música século XXI I 978-84-9737-117-9 (Material funxible)	Galinova
INGLÉS	ROOFTOPS 2 CB. 9780194503037	OXFORD
INGLÉS	ROOFTOPS 2 AB PK. 9780194503273 (Material funxible)	OXFORD

**3º PRIMARIA: MATERIAL NECESARIO PARA O CURSO 2016-2017.**

**( CADERNOS DE ACIVIDADES)**

ÁREA	TÍTULO, ISBN	EDITORIAL
MÚSICA	3º primaria: Xograr 3 Música século XXI 978-84-9737-185-8	Galinova
INGLÉS	ROOFTOPS 3 AB. 9780194503365	OXFORD



**4º PRIMARIA: RELACIÓN DE LIBROS PARA O CURSO 2016-17**

ÁREA	TÍTULO, ISBN	EDITORIAL
LINGUA	“SABER FACER “. 978-84-9972-616-8	Santillana
LENGUA CASTELLANA	“SABER HACER “. 978-84-680-2956-6	Santillana
MATEMÁTICAS	Aula activa 978-84-682-2881-5	Vicens-Vives
C. NATURAIS	Aula activa 9788468228433	Vicens-Vives
C. SOCIAIS	Aula activa 9788468228983	Vicens-Vives
ALTERNATIVA	Valores Sociales y Cívicos 4. Con razón 9788467878622	Anaya
RELIGIÓN CATÓLICA	Religión Católica 4 978-84-678-8395-4	Anaya

MÚSICA	4º primaria: Xograr 4 Música século XXI 978-84-9737-186-5 (Material funxible)	Galinova
INGLÉS	ROOFTOPS 4 CB. 9780194503518	OXFORD
INGLÉS	ROOFTOPS 4 AB. 9780194503525 (Material funxible)	OXFORD

**5º PRIMARIA: MATERIAL NECESARIO PARA O CURSO 2016-2017.**

**( CADERNOS DE ACIVIDADES)**

ÁREA	TÍTULO, ISBN	EDITORIAL
MÚSICA	5º primaria: Xograr 5 Música século XXI 978-84-9737-211-4	Galinova
INGLÉS	ROOFTOPS 5 AB. 9780194503686	OXFORD

**6º PRIMARIA: RELACIÓN DE LIBROS PARA O CURSO 2016-17**

ÁREA	TÍTULO, ISBN	EDITORIAL
LINGUA GALEGA	“SABER FACER “. 978-84-9972-497-3	Santillana
LENGUA CASTELLANA	“SABER HACER “. 978-84-680-3171-2	Santillana
MATEMÁTICAS	Aula activa  978-84-682-1554-9	Vicens-Vives
C.NATURAIS	Aula activa  9788468228471	Vicens-Vives
C. SOCIAIS	Aula activa  9788468228525	Vicens-Vives
ALTERNATIVA	Valores Sociales y Cívicos 6. Con razón 9788467881561	Anaya
RELIGIÓN CATÓLICA	Religión Católica 6  978-84-678-8404-3	Anaya

MÚSICA	6º primaria: Xograr 6 Música século XXI 978-84-9737-212-1 (Material funxible)	Galinova
INGLÉS	ROOFTOPS 6 CB. 9780194503815	OXFORD
INGLÉS	ROOFTOPS 6 AB. 9780194503822 (Material funxible)	OXFORD

**LIBROS DE TEXTO** curso 2016-2017 **para Educación Infantil**

**4º de Educación Infantil (3 anos)**

- Caderno de números, nº 1. Editorial Edelvives, Tambre. ISBN: 978-8488-68193-5
- Piensa con Nuba. Nubarigenios. Editorial Edelvives:  
Primer trimestre, ISBN: 978-8426-38822-3  
Segundo trimestre, ISBN: 978-8426-38823-0  
Tercer trimestre, ISBN: 978-8426-38824-7
- Proxectos:
- O pitiño. Editorial Santillana. ISBN: 978-8499-72172-9
- A vaca. Editorial Santillana. ISBN: 978-8499-72175-0

**5º de Educación Infantil (4 anos)**

- Caderno de números, nº 2. Editorial Edelvives, Tambre. ISBN: 978-8488-68194-2
- Piensa con Moli. Nubarigenios. Editorial Edelvives. Primer trimestre, segundo trimestre y tercer trimestre.
- Proxectos:
- El girasol. Editorial Santillana. ISBN: 978-8468-00225-5
- Os piratas. Editorial Santillana. ISBN: 978-8499-72206-1

## **6º de Educación Infantil (5 anos)**

- Cuaderno de números, nº 4. Editorial Edelvives, Tambre. ISBN:84-263-5817-9
- Piensa con Aris. Nubarigenios. Editorial Edelvives. Primer trimestre, segundo trimestre y terceiro trimestre.
- Proxectos:
- O Castelo. Editorial Santillana. ISBN: 978-84-9972-6281
- La vuelta al mundo. Editorial Santillana. ISBN: 978-8468-03789-9

## **11. AVALIACIÓN DA P.X.A**

Desde os distintos equipos e o Claustro levarase acabo unha revisión trimestral da P.X.A. atendendo ós diversos aspectos para facer un reaxuste daqueles apartados que se crea conveniente

Ó rematar o curso elaborárase unha memoria na que se recolle o grao de consecución dos obxectivos e se avalían as actividades levadas a cabo no Centro, comentando o grao de satisfacción , enumerando aquelas a rexeitar para telo en consideración para a próxima.

## **12. ANEXOS**

Esta PXA complétase cos anexos seguintes:

### **12.1. NOFC e Plan de Convivencia**

- **NOFC** (normas de organización e funcionamento do centro) adaptado a normativa vixente.
- **Plan de Convivencia** aprobado en Consello Escolar segundo o *“Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa ...”*

## **13. REVISIÓNS TRIMESTRAIS**